

INFORME SOBRE O AUMENTO DE CUSTOS DE PRODUCCIÓN NO SECTOR DO VACÚN DE LEITE DE GALICIA

CONTEXTO DO SECTOR

	2020	2021	% variación
Número de explotacións que entregaron leite a primeiros compradores	7.148	6.742	-5,7%
Litros de leite producidos entregados a primeiros compradores	2.811.504.466	2.901.301.942	3,2%
Facturación total	908.421.177,10	966.610.266,25	6,4%
Prezo medio ponderado	0,323 €/L	0,333 €/L	3,1%

EVOLUCIÓN DO PREZO DO LEITE EN GALICIA AO LONGO DO 2021 CON RESPECTO AO MESMO PERÍODO DO ANO 2020



Prezo medio xaneiro-decembro 2021:

0,3332 €/litro



Prezo medio xaneiro-decembro 2020:


0,3230 €/litro



% de variación (incremento):

3,16%

INDICACIÓN DATOS TÉCNICOS EXPLOTACIONES DA MOSTRA



Para o cálculo dos datos deste informe manexamos unha mostra de **112 explotacións representativas** dos diferentes rangos de tamaño das gandarías galegas.

DATOS DA GRANXA MEDIA GALEGA

Datos da Estratexia de dinamización do sector lácteo (2018):

✓	Producción media por explotación (L):	339.839 L
✓	Facturación media de leite (0,333 €/litro):	113.166,41 €/L
✓	Media de vacas en muxidora:	41
✓	Media número de vacas totais:	62
✓	Media base territorial (ha):	25,14 ha

EVOLUCIÓN DOS CUSTOS DAS MATERIAS PRIMAS E INSUMOS NO QUE VAI DE ANO (CON REFERENCIA A DEC-2021)

MATERIA PRIMA



Cebada (forraxe e outros alimentos comprados)

% VARIACIÓN

31,47%

Penso vacún leiteiro PC (concentrado vacas e recría)

16,87%

INSUMOS



Penso vacún leiteiro RC (comida catering e carro externo)

11,98%

Insumos (electricidade, gas e outros combustibles)

54,80%

IMPACTO NOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN DAS EXPLOTACIÓNS (I)



Incremento dos ingresos 2021



2,71%



Incremento custos 2021



+11,81%



Marxe neta/Ingresos totais

2020

2021

5,96%

-2,30%

IMPACTO NOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN DAS EXPLOTACIÓNS (II)



O impacto estimado da suba das materias primas nos custos de produción nas explotacións lácteas foi de 4 cts/litro.



Pasando dun custo de produción de 36 cts/litro no ano 2020 aos 40 cts/litro no ano 2021.

IMPACTO NOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN DAS EXPLOTACIÓNS (III)



O aumento dos custos de produción supón un importante deterioro das contas de resultados das explotacións lácteas.



A marxe neta de ingresos experimenta unha **variación negativa de -2,30% en 2021**, cando en 2020 acadaba o 5,96%.

PRINCIPAIS DEMANDAS AO MINISTERIO PARA REGULAR A SITUACIÓN DE CRISE ACTUAL (I)



Propiciar un gran acordo entre a distribución, a industria e os gandeiros de vacún de leite a nivel nacional que faga que se habiliten mecanismos para incrementar o prezo actual dos contratos de venda do leite cunha **prima de emerxencia** que garanta a viabilidade e sustentabilidade económica do sector.



A prima de emerxencia debe ser, ao menos, de **4 céntimos por litro** de leite producido, cun tope de 41 céntimos.

E deberá **manterse durante todo o ano 2022**.

PRINCIPAIS DEMANDAS AO MINISTERIO PARA REGULAR A SITUACIÓN DE CRISE ACTUAL (II)



Habilitar medidas que eviten que a prohibición da **venda a perdas** quede sen aplicación práctica.

- 1 Reforzar de maneira inmediata os controis que impidan a venda a perdas, contribuíndo no **financiamento** coas comunidades autónomas para dito reforzo.
- 2 Recoñecer na normativa estatal a **CONTA LÁCTEA** como medio de proba do coste efectivo de produción.



XUNTA
DE GALICIA